

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o martes, 21 de outubro de 2025, ás 10:00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO**:

Convocar a sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

**DÍA:** 21 de outubro de 2025

**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*

**LUGAR:** Sala de Xuntas

*\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

**1. 2025/36K/XGL PRESIDENCIA**

Aprobación do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de outubro de 2025.

**2. 2025/15235M PRESIDENCIA**

Resolución do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociación veciñais de Ourense, correspondentes ao exercicio 2025. Importe: 100.000,00 euros.

**3. 2025/14436B PRESIDENCIA**

Subvención a favor da entidade Club de Fútbol Cented Academy gastos de funcionamento, correspondentes á tempada 2024 – 2025. Importe: 10.000,00 euros.

**4. 2025/14489H PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Castrelo de Miño, para “adquisición de gaitas para escola de gaitas de Castrelo de Miño”, importe: 12.400,00 euros.

**5. 2025/14752M PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Cenlle, para “pavimentación camiños nos núcleos de Pazos Ermos e As Chabolas”, importe: 48.000,00 euros.

**6. 2025/14896B PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Piñor, para “construción de edificio municipal para cafetería en zona de equipamentos”, importe: 120.000,00 euros.

**7. 2025/15116R PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Vilar de Santos, para ampliación e mellora do Museo da Limia, 1ª Fase. Importe: 40.000,00 euros.

**8. 2025/15119G PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Vilariño de Conso, para “comunidade enerxética no núcleo de Mormentelos: planta fotovoltaica”, importe: 47.999,15 euros.

**9. 2025/15577W PRESIDENCIA**

Subvención a favor da entidade Fundación Ramón González Ferreiro, para “rehabilitación granxa de Valverde. Fase 2”, importe: 50.000,00 euros.

**10. 2025/20751R PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Cortegada, para instalación e conexión de postes para a iluminación pública. Importe: 29.560,30 euros.

**11. ASUNTOS DE URXENCIA.**

**12. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

**13. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.